



DILINAME | GZ0002 | GALIZA 02

PARTIDO GALEGUISTA DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS




DIGITAL LIBRARY OF NATIONAL
MOVEMENTS IN EUROPE
CENTRE MAURITS COPPIETERS



PARTIDO GALEGUISTA DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

CATALOGUING DATA

ID:	GZ0002
Nation / region:	Galiza
Epoch:	First half of the Twentieth Century
Title:	Galicianist Party. Declaration of principles
Original title:	Partido Galeguista. Declaración de principios
Category:	Foundational documents for political movements
Description:	The political and ideological programme of the recently founded Partido Galeguista (Galicianist Party), proclaiming Galicia's right to self-government and demanding a Statute of Autonomy
Language:	Galician
Date:	December, 1931
Author(s):	Partido Galeguista
Reference persons:	Álvaro das Casas; Bóveda, Alexandre; Carvalho Calero, Ricardo; Castro, Plácido; Cunqueiro, Álvaro; Filgueira Valverde, Xosé; Gómez, Fuco; López Cuevillas, Valentín; Otero Pedrayo, Ramón; Risco, Vicente; Rodríguez Castelao, Alfonso Daniel; Suárez Picallo, Ramón; Vicente Viqueira, Johán; Vilar Ponte, Antón; Vilar Ponte, Ramón
Keywords:	Galician nationalism, nation, autonomy, galician party, federalism, galicianism



CONTEXTUALIZACIÓN

O 5 e 6 de decembro de 1931 o Partido Galeguista de Pontevedra convoca a VII Asemblea Nacionalista co propósito de crear un partido nacionalista. Á convocatoria acoden 32 grupos e irmandades. Tamén participan representantes da Federación de Sociedades Galegas de Arxentina e da sección arxentina da ORGA. Nesta Asemblea decídese a disolución das Irmandades da Fala integrándose os seus membros no Partido Galeguista que nace nese momento. O acordo de constitución reclama, por primeira vez na historia de Galicia, o dereito de autodeterminación e proclama, como primeiro obxectivo político, a redacción dun Estatuto de Autonomía.


RESUME

Programa político e ideolóxico do recentemente fundado Partido Galeguista, proclamando dereito de Galicia ao autogoberno e esixindo un Estatuto de Autonomía. Tamén fai referencia ao anti-imperialismo, o federalismo, o federalismo internacional e o pacifismo.

LINKS

Fundación Galiza Sempre: <http://www.galizasempre.org>





PARTIDO GALEGUISTA DECLARACIÓN DE PRINCIPIOS

Galicia, unidade cultural.- Afirmamento das características da personalidade galega: lingua, arte, espírito.

Galicia, pobo autónomo.- Autodeterminación política de Galicia dentro da forma de goberno republicana.

Galicia, comunidade cooperativa.- A terra pra o Traballo; o traballo pra a Terra.

Galicia, célula de universalidade.- Anti-imperialismo, federalismo, federalismo internacional, pacifismo.

PROGRAMA DE ACCIÓN

1931 – 32

I.-Organización de Galicia

1º Creación d-un organismo galego de base exclusivamente democrática e con facultades deliberantes pra rexir, con autonomía integral, os intereses da Galicia.

Como aspiración mínima e inmediata, atribución a aquel organismo do máximo de facultades que a Constitución da República concede ós territorios autónomos.

2º Consequente supresión das Diputacións Provinciales.

3º Preena autonomía municipal, recoñecendo a personalidade administrativa da parroquia rural e da comarca, con dereito a administración dos seus peculiares intereses.

4º Incorporación a Galicia das terras colindantes que teñan comunidade étnica, histórica e lingüística con ela, sempre que se determinen a elo por medio do plebiscito.

II. – Política

1º Igualdade de dereitos políticos pra muller.

2º Preenitude de dereitos políticos pra os funcionarios.

3º Incapacidade dos que, podendo, non rindan función útil á colectividade, pra ser elixidos pra cargos políticos.

4º Estudo de unha fórmula que permita os emigrantes ter representación directa na organización política de Galicia.

5º Representación proporcional, con grandes circunscricións, pra elección da Diputación de Galicia.

6º Práctica das institucións de democracia directa -referéndum, recall, concello aberto- na organización política galega.

7º Adopción de procedimentos eficaces que eviten a corrupción electoral e o falseamento da vontade popular.

8º Control xurisdiccional sobre a actividade administrativa e fiscal do organismo galego e dos concellos.

9º Responsabilidade económica da administración pol-os danos que os seus axentes causen ós particulares no exercicio das funcións públicas.

III.- Traballo

1º Aplicación a Galicia das normas internacionais da lexislación do traballo.

2º Recoñecimento de dereitos sindicais.

3º Réxime integral de seguro social, previsión e xusta participación familiar do traballo no beneficio.

4º Eliminación dos menores de 16 anos do traballo industrial e regramentación e vixilancia do seu traballo familiar, facéndoo compatíbre ca súa formación física e moral.

5º As escolas de traballo e os ingresos que as manteñen aferidos ó poder galego. Creación de escolas de orientación profesional.

IV.- Problema agrario


1º Creación de centros técnicos de investigación i-experimentación agrícola, forestal e pecuaria, con seccións adicadas á organización cooperativa, divulgación i-enseño directo.

2º Estacións pra ensaios de selección e alimentación animal. Escola Veterinaria.

3º Medidas lexislativas que favorezan a organización cooperativa e a sindicación facilitando a adopción de métodos de mellora e selección agrícola e gandeira e o fomento do creto agrario.

4º A repoboación forestal patrimonio de Galicia. Repoboación intensiva dos montes comunales pol-o organismo galego e creación e fomento de zonas de pastoreo. Sindicación forzosa pra a repoboación dos montes de propiedade privada. Protección da industria madeireira. Seguro forestal.

5º Medidas lexislativas i-económicas que intensifiquen a electrificación rural.



6º Regramentación da edificación rural en orde á hixiene e de acordo co arte paisán e cas comenencias locais. Concursos que movan o estudo e divulgación de pranos pra construcións modelo. Estímulos económicos pra a súa execución.

7º Libre importación do millo, namentras o consumo da poboación e o cambio hacia unha alimentación mais racional do gando así o esixan.

8º Escolas rurales de formación campesiña que soergan a comunidade aldeán fomentando o espírito comunal, inculcando o apego ó chán nativo e sentando unha ampria base de cultura técnica e agraria.

9º Regulación da propiedade rural tendendo a libertala de toda carga pra quen a traballa:

- a) Arrendamentos.- Limitación do dereito de propiedade sobre fincas arrendadas a traballadores do campo, i-estímulo pra a súa liberación: dereito de retracto, axuda económica, participacións nas melloras.
- b) Foros. –Liquidación do probrema foral mediante a extinción forzosa das rendas sin que se faga a costa do pequeno propietario rural.
- c) Concentración parcelaria. –Disposicións que impidan a excesiva fragmentación do chan nas transmisións de propiedade.
- d) Creto real. –Imprantación do sistema Torrens de mobilización, rexistro e seguro da propiedade inmobre. Banco agrícola cooperativo.

10º Consideración da terra como instrumento de traballo pra os pequenos propietarios: decraración de esención da contribución por rústica a favor d-eles, si xustifican non ter outros medios de fortuna que a retribución do traballo manual. Inembargabilidade dos predios nas mesmas condicións.

11º Consideración dos edificios e vivendas rurales como accesorios da terra que cultivan os seus habitantes e abolición da contribución urbana que as grave.

V.- Fomento pesqueiro

1º Retorno ós principios colectivistas tradicionaes no réxime económico da pesca galega, por via da cooperativa especificamente peixeira con ourentación técnica e social.

2º Creación de piscifactorias pra repoboación dos rios galegos.

3º Repoboación das rias con especies sedentarias, industrializando o seu aproveitamento.

4º Desgravación arancelaria das materias primas das industrias pesqueira e conserveira.

5º Creación de grandes portos pesqueiros modernos e pequenos portos de refuxio.

6º Protección de novas industrias adicadas a grande pesca.

7º Escolas de pesca. Laboratorio costeiro. Estacións meteolóxicas e radiotelegráficas.

VI.- Política Fiscal

1º Deslinde do rexime fiscal do Estado, do poder autónomo e dos municipios.

2º Supresión do 20 por 100 de propios e do 10 por 100 de aproveitamentos forestales

e total-as consignacións dos presupostos municipais que sosteñan servizos alleos ós concellos ou ás súas mancomunidades.

3º Supresión do imposto de cédulas persoais e creación de un carnet de identidade que as substituya.

4º Creación de un imposto progresivo sobre a renda.

5º Dereito de espropiaión a favor do organismo galego nos casos de ocultación fraudulenta.

VII.- Cultura

1º Soberanía de Galicia sobre o seu patrimonio cultural e artístico.

2º Soberanía de Galicia para determinar a orientación das súas institucións pedagóxicas

3º Galeguización do ensino.

4º Dereito indiscutible ó emprego do noso idioma e cooficialidade co castelán.

VIII.- Problemas xurídicos

1º Recoñecemento das modalidades do dereito civil galego: compañía familiar, dereito sucesorio, etc., etc.

2º Igualdade de dereitos civís para a muller casada no caso de emigración do marido.

3º A función dos tribunais de xusticia rematará en derradeiro recurso en Galicia nos casos de aplicación da lexislación galega.

4º Ampitude do dereito de espropiaión que se faga posible a socialización de riquezas naturais e empresas económicas e unha extensa municipalización de servizos públicos.

Galicia de Nadal de 1931

